



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE AUTORIZA A PERMANENCIA DE MEXILLÓN ESTOCADO EN SACOS, PENDURADOS DAS CORDAS, NAS BATEAS DO POLÍGONO O GROVE C.

Feitos

1. O 23 de outubro do 2023 Francisco Padín Novas (DNI 76859529S), en representación de Amegrove Sociedad Corporativa Gallega, solicita autorización para a permanencia de mexillón estocado en sacos destinado a exportación nos viveiros do polígono C do Grove ata o 31 de xaneiro do 2024.

2. O 28 de outubro de 2023 o Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica informa que, tras consultar ao Servizo de Análises e Rexistros sobre as cantidades de mexillón indicadas nos documentos de rexistro con orixe nos viveiros do polígono O Grove C e destino fóra de España, non observa inconveniente en que se resolva favorablemente dita solicitude cunha serie de condicións.

Consideracións legais e técnicas

1. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia (DOG nº 243, do 16 de decembro de 2008), modificada pola Lei 9/2009, do 11 de decembro (DOG nº 243, do 15 de decembro de 2009), regula no capítulo III do título V as concesións de actividade na zona marítima.

2. O Decreto 406/1996, do 7 de novembro (DOG nº 228 de novembro do 1996), modificado polo Decreto 338/1999 de 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, regula o aumento de cordas de mexillón.

Á vista do exposto, e ao abeiro das súas competencias, esta xefatura territorial **RESOLVE**:

Autorizar ata o 15 de xaneiro de 2024 a permanencia de mexillón estocado en sacos, pendurados das cordas, nas bateas do polígono de viveiros O Grove C, baixo as seguintes condicións:

- O número de cordas con sacos por batea non pode exceder de 100.
- O número de sacos por corda non pode exceder de 16.
- Cada saco conterá un máximo de 10 Kg de mexillón.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar, no prazo dun (1) mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación. Transcorrido dito prazo sen que o recurso fose presentado, a resolución será firme a tódolos efectos.

A xefa territorial
Sonia Lorenzo Santos

